

TEXTOS  
PARA O  
DEBATE

# A informação Geoespacial nas cidades do Eixo Atlântico

Projecto SIUTEA

*Coordenadores da publicação*

*Coordinadores da publicación*

Román Rodríguez González

Rubén Cid Fernández

*Autores*

Rubén Cid Fernández

Xosé Paramá Gabia

Nieves Rodríguez Brisaboa

Román Rodríguez González

José Alberto Rui Fernández

Alexandre Valle de Carvalho

Enrique Xosé Varela Álvarez

**A INFORMAÇÃO  
GEOESPACIAL  
NAS CIDADES  
DO EIXO ATLÂNTICO**

Projecto SIUTEA

**A INFORMACIÓN  
XEOESPACIAL  
NAS CIDADES  
DO EIXO ATLÁNTICO**

Proxecto SIUTEA



**EIXO ATLÂNTICO**  
DO NOROESTE PENINSULAR

2007

**EDITOR:**

Xoán F. Vázquez Mao

**DIRECTOR DO SERVIÇO DE PUBLICAÇÕES  
DIRECTOR DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS:**

Enrique José Varela Álvarez

**DIRECTOR DO SERVIÇO DE ESTUDOS:**

Luis Domínguez

**COORDENADORES DA PUBLICAÇÃO  
COORDINADORES DA PUBLICACIÓN**

Román Rodríguez González

Rubén Cid Fernández

**AUTORES**

Rubén Cid Fernández

Xosé Paramá Gabia

Nieves Rodríguez Brisaboa

Román Rodríguez González

José Alberto Rui Fernández

Alexandre Valle de Carvalho

Enrique Xosé Varela Álvarez

**REVISIÓN DE TEXTOS**

Susana López

**EDIÇÃO**

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Porto

Paula Salgueiro Tilve

© 2007 Eixo Atlántico

© Os autores

Imprime: Gráficas Planeta, S.L.

ISBN: 978-84-690-9859-2

Depósito legal: VG 1417-2007

**COMISIÓN EXECUTIVA / COMISSÃO EXECUTIVA**

**LUIS FILIPE MENEZES**

Presidente / Pdte. da Câmara Municipal de Vila Nova de Gaia

**ABEL CABALLERO**

Vicepresidente / Alcalde de Vigo

**RUI RIO**

Vogal / Pdte. Câmara Municipal do Porto

**DEFENSOR OLIVEIRA MOURA**

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Viana do Castelo

**MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES**

Vocal / Alcalde de Pontevedra

**XOSÉ SÁNCHEZ BUGALLO**

Vocal / Alcalde de Santiago de Compostela

**ANTÓNIO MAGALHAES**

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Guimarães

**DOLORES GARCÍA**

Vocal / Alcaldesa de Vilagarcía de Arousa

**SERVIZOS TÉCNICOS – SERVIÇOS TÉCNICOS**

**XOAN MAO**

Secretario Xeral / Secretario geral

**AMAYA GARCÍA**

Coordinadora – Galicia (España)

**CLAUDIA ANTUNES**

Coordinadora – Região Norte (Portugal)

**PAULA SALGUEIRO TILVE**


Comunicación e Publicacións

---

Rúa Bolivia, 4  
36203 VIGO  
Tel. 0034 986 480 616  
Fax. 0034 482 022

Av. Inferior á Ponte D. Luís 1, 55  
5050 – 074 PORTO  
Tel. 00351 222 019 937/8  
Fax. 00351 222 019 939

---



# ÍNDICE

<b>METODOLOGIA E OBJECTIVOS</b>	9
<b>PARTE I. INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E XESTIÓN PÚBLICA</b>	13
1.- A cidade sostible e do coñecemento	13
2.- Información e coñecemento	16
3.- O valor económico da información do sector público para impulsar a economía do coñecemento.	21
4.- A información xeoespacial como información crítica para a planificación estratéxica e a mellora da xestión administrativa.	23
5.- Transparencia, participación cidadá e innovación.	25
6.- As Infraestruturas de Datos Espaciais	28
7.- O Sistema de Información Urbano Transfronteirizo do Eixo Atlántico	32
<b>PARTE II: PONTO DE SITUACIÓN EN MATERIA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E CARTOGRÁFICA</b>	35
1.- Estado da Información Xeográfica e Cartográfica	35
2.- Acceso a información que se fornece a cidadanía	46
3.- Tecnoloxía e valoración da información xeográfica/cartográfica	47
4.- Relacións e xestión intergubernamental na implementación de SIX	50
4.1. Visión de conxunto sobre as relacións institucionais en materia de SIX.	53
4.1.1. Municipios Portugueses do Eixo	53
4.1.2. Concellos Galegos do Eixo	54
5.- Persoal vencellado coa xestión de Información Xeográfica	57
5.1. Municipios Portugueses do Eixo	57
5.2. Concellos Galegos do Eixo	59
6.- Software cartográfico e de información xeográfica	63
7.- Infraestruturas de comunicación	65
<b>PARTE III: DIAGNÓSTICO E PROPOSTAS EM MATÉRIA DE INFORMAÇÃO GEOGRÁFICA E CARTOGRÁFICA</b>	67
1.- Diagnóstico da situación	67
2.- Propostas e recomendacións	71

<b>PARTE IV. A INFORMAÇÃO GEOGRÁFICA NAS CIDADES DO EIXO</b>	<b>27</b>
1.- Conhecimento fiável do território: o estado da informação geoespacial/territorial nos concelhos.	27
2.- Os SIG corporativos	32
3.- Pessoal envolvido na gestão da informação geográfica	40
4.- Acessibilidade à informação. Transparência e apoio à inovação na informação geoespacial	45
5.- Relações com outras organizações	60
<b>ANEXOS</b>	
I. Membros do equipo de traballo	87
II. Contactos municipais	88
III. Definición básica de SIX e das IDE.	89
IV. Glosario de términos	92
V. Modelo de enquisa	97
VI. Guía de Recursos	121

# METODOLOGIA E OBJECTIVOS

Os Sistemas de Informação Geográfica (de agora em diante designados por SIG) são, juntamente com as Infra-estruturas de Dados Espaciais (de agora em diante designadas por IDES) modelos de actuação pública inovadores orientados para solucionar uma das principais variáveis de gestão das organizações públicas locais: a obtenção de dados sobre a articulação territorial das áreas municipais. A sua funcionalidade analítica das diversas classes de dados (populacionais, territoriais, espaciais...), ajudam os decisores públicos e os técnicos locais a planificar e ordenar o assentamento da população, a organização de impostos e tributos locais, a urbanização e a criação de espaços livres, as infra-estruturas de apoio ao crescimento económico,... e um conjunto cada vez mais amplo de situações que, ao mesmo tempo que facilitam a gestão, melhoram a eficácia do serviço público.

Pela novidade do serviço dos SIG e pela tradicional falta de capacidade de gestão dos concelhos galegos e das municípios portuguesas que integram o Eixo Atlântico, apresentada por diferentes autores (Bascuas e Varela, 2003<sup>1</sup>; Márquez, 2006<sup>2</sup> e Varela, 2005<sup>3</sup>), temos perante nós uma estrutura de gestão de serviços públicos locais limitada, de organizações com escassas capacidades para desenvolver serviços tradicionais e próprios do seu âmbito de competências. Não obstante, concelhos e câmaras tentam adaptar-se às novas realidades inovadoras, tanto no quadro da gestão pública (Araújo e Vilela, 2006<sup>4</sup>) como na introdução de elementos inovadores na relação com o cidadão, unidos às novas tecnologias, ao governo electrónico (Ferrás Sexto et alia, 2005<sup>5</sup>; Leiceaga Baltar e López Figueroa, 2005<sup>6</sup>; Varela, 2006<sup>7</sup>) e, porque não, à utilização dos próprios SIG como ferramentas de gestão.

1. Vid. Bascuas, X.C. e Varela Álvarez, E.J. (2003). "A xestión municipal galega", em *Revista Galega Ciencias Sociais*, 2: 35-56.

2. Vid. Márquez Cruz, G. (2006). "Las formas y tipos de gestión de las competencias de los Gobiernos locales en Galicia: La Dinámica de la gobernanza y el marco de las políticas públicas", *Documentos de Trabajo IDEGA*, Xeografía 19: 5-61.

3. Vid. Varela Álvarez, E.J. (2005). "A xestión pública nas administracións locais de Galicia e Norte de Portugal", em VV.AA., *II Estudos Estratégicos do Eixo Atlântico*, Livro II, *II Estudos Estratégicos do Eixo Atlântico*, Ourense: Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, pp. 347-377.

4. Vid. Araújo, J.F. e Vilela, M.A. (2006). "A Nova gestão Pública na Administración Local: o Caso do Noroeste de Portugal", em *Eixo Atlântico. Revista da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*, 9: 59-80.

5. Vid. Ferrás Sexto, C., Armas Quintá, X., Macía Arce, C. e Santomil Mosquera, D. (2005). "Sociedade do Coñecemento e Novas tecnoloxías da Información no Eixo Atlântico", em VV.AA., *II Estudos Estratégicos do Eixo Atlântico*, Cap. 8, Ourense: Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, pp. 391-430.

6. Vid. Leiceaga Baltar, X. e López Figueroa, E. (2005). "A Modernización das Infraestruturas", em VV.AA., *II Estudos Estratégicos do Eixo Atlântico*, Cap. 7, Ourense: Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, pp. 341-389.

7. Vid. Varela Álvarez, E.J. (2006). "e-Goberno e Administración na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal", *Curso de Verán sobre Goberno Electrónico: As Administracións e as Novas Relacións coa Cidadanía*, Universidade de Santiago de Compostela, Julho 2006 (inérito).

Muitas vezes, porém, os limites são convertidos pelas cidades que têm interesse em desenvolver-se e dotar-se de determinadas ferramentas de gestão em oportunidades para melhorar a atenção aos cidadãos. Isto é o que reflecte o inquérito levado a cabo por uma equipa integrada por investigadores de Universidades galegas e portuguesas (ver ANEXO V) para o Centro de Estudos Euro-regionais (de agora em diante designado por CEER), sob a supervisão organizativa do Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular. Este trabalho integra-se no quadro do projecto SIUTEA

Apesar das tradicionais debilidades organizativas e institucionais, os concelhos e câmaras do Eixo tentam superar os problemas de contacto intergovernamental, de posição na rede institucional de serviços públicos, como é o caso da informação geográfica e cadastral, adoptando posições dinâmicas, proactivas e inovadoras (através de convénios, protocolos, bem como através da compra de dados). Por isso, a implementação de modelos de SIG, sejam estes corporativos ou sectoriais, não dependem exclusivamente da dimensão do território ou da população de cada entidade administrativa. Também não dependem de uma determinada cultura política específica, quer seja a galega ou a portuguesa, nem sequer das capacidades organizativas e de gestão das organizações públicas locais, podendo recorrer a modelos de produção ou de provisão de serviços, à gestão de um SIG interdepartamental ou à colaboração com empresas... De facto, as situações são muito variáveis, oscilando entre uma quase ausência, com um uso mínimo, a posturas activas e, em alguns casos, muito exigentes e até tecnicamente sofisticadas. Na procura de uma justificação, parece que, em alguns casos, existe uma associação entre a dimensão do município; enquanto em outros o papel de técnicos e/ou políticos merece um especial reconhecimento, quer seja pela sensibilidade relativa a esta ferramenta quer seja pelo seu empenhamento e desempenho.

A esta situação deve-se juntar tanto a ausência de uma política cartográfica específica na Galiza e no Norte de Portugal, como a existência de diversas iniciativas dispersas, que nesta matéria têm sido impulsionadas por organismos estatais e/ou regionais, o que tende a gerar fortes inércias de descoordenação inter-administrativa no âmbito geoespacial. Assim, por exemplo, no caso galego, continua-se a carecer de um Instituto Geográfico Regional (como já possuem outras comunidades do Estado espanhol<sup>8</sup>) que fixe os critérios e padrões básicos para o desenvolvimento e organização da informação geográfica. Entretanto, neste caso a nível estatal, conta-se com vários programas como *Geopista* ou Urbanismo em Rede, bastante coincidentes nos seus enfoques.

---

8. Recentemente a Junta da Galiza lançou o projecto de criação do Instituto Cartográfico Galego para paliar esta situação, conjuntamente com o Instituto de Estudos do Territórios, estando à espera da sua posta em prática.

Para o desenvolvimento do presente trabalho, o passo inicial era dotar-se de um corpo documental que permitisse conhecer a situação em matéria de informação geográfica e cartográfica em cada uma das cidades do Eixo. Para tal propósito, concebeu-se, por parte do CEER, a elaboração de um inquérito (ver ANEXO V), que deveria ser respondido pelos diferentes responsáveis municipais nesta matéria. Uma vez concebido o inquérito, este foi remetido às pessoas de contacto de cada uma das cidades, com o objectivo de recolhera partir dos mesmos a informação solicitada. Posteriormente, um membro da equipa de investigação deslocou-se às respectivas câmaras e concelhos para verificar os dados recolhidos e ter um contacto com a realidade concreta em cada um dos núcleos. A elaboração do inquérito partiu do pressuposto da inexistência de uma base informativa uniformizada e da carência geral de dados nesta matéria e, também, das grandes diferenças existentes entre os diferentes membros do Eixo. Circunstâncias estas que reforçaram a oportunidade de elaborar um inquérito como base para a realização dos trabalhos de recompilação informativa.

A partir da análise da informação recompilada, pretendia-se obter dois resultados iniciais. Por uma parte elaborar um inventário da informação geográfica e cartográfica de cada cidade e, com base na mesma, propor um diagnóstico de cada uma delas e uma série de recomendações destinadas ao aperfeiçoamento da situação. Posteriormente a esta fase, pensou-se na elaboração de um relatório comparativo final de síntese com o objectivo de conseguir uma visão geral, sendo este documento a base da presente publicação.

A análise e posterior diagnóstico da informação recompilada têm como objectivo geral avaliar as possibilidades de implementação de um SIG comum nas cidades do Eixo Atlântico. Deste modo, propôs-se a partir da equipa do CEER uma série de variáveis dirigidas à análise das ferramentas tecnológicas, dos dados existentes, da estrutura dos mesmos e os seus usos: Alíneas 1 (*Informação Geográfica Disponível*), 2 (*Acesso e Cessão da Informação*) e 3 (*Organização da Informação Geográfica e Cartográfica*). Por outro lado, estabeleceram-se outras variáveis de análise destinadas ao estudo da gestão intergovernamental da informação, Alínea 4 (*Relações Institucionais em Informação Geográfica*); e descrição de uma parte da realidade organizativa das diferentes cidades através do estudo dos funcionários públicos locais que devem gerir os SIG, Alínea 5 (*Recursos Humanos*). Finalmente, a equipa de investigação decide incidir sobre elementos de programação informática para a gestão da informação, Alínea 6 (*Software Cartográfico e de Informação Geográfica*); e os elementos de apoio interno e externo; e 7 (*Infra-estrutura de Comunicação*).

Em seguida, e com base no inquérito elaborado pela equipa do CEER e realizada nos concelhos e municípios do Eixo Atlântico ao longo do mês de Novembro de 2006, procedeu-se à análise das referidas variáveis de modo individual em cada

cidade para, finalmente, desenvolver uma análise horizontal das debilidades e consistências das organizações públicas locais quanto aos desafios de implementação de modelos de SIG e a situação actual da informação geográfica no mesmo âmbito das cidades do Eixo Atlântico.

Os resultados finais são os já enunciados: a nível individual de cada concelho-município elaborou-se um inventário e um diagnóstico da situação em matéria de informação geográfica e cartográfica, bem como uma série de recomendações/propostas destinadas a melhorar a organização e a gestão destes recursos. Paralelamente foi elaborado, com uma visão global e de conjunto, um relatório comparativo das variáveis analisadas, sendo este a base da presente publicação.

# PARTE I.

## INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E XESTION PÚBLICA

### 1. A CIDADE SOSTIBLE E DO COÑECEMENTO

Se lle botamos un ollo a un diario ao azar de calqueira cidade, atoparémonos a miúdo entre as novas columnas de opinión e discursos políticos con termos como “desenvolvemento sostible”, “modernización da administración”, “sociedade da información”, “economía global”. Hoxe, como se fixo onte, e se seguirá a facer mañá, fálase profusamente en moitos foros, tanto presenciais como virtuais, dos retos aos que deben enfrontarse as cidades do presente e do futuro, e cómo plantexar solucións imaxinativas.

Existen todavía retos antigos na xestión das cidades que precisan de novos enfoques e solucións, xa que os que se obtiveron no pasado ben son parciais ou potencialmente mellorables. A estabilidade e a cohesión social, a mellora na eficiencia e na efectividade dos servizos e dotacións públicas, o acceso universal aos servizos considerados como básicos (educación, cultura, sanidade, vivenda,...) son algún dos escenarios a mellorar no futuro. Coa evolución da sociedade e a forma de entendela, xurdiron ademais novos desafíos que se reflexan na enumeración de conceptos como “economía e sociedade do coñecemento”, “competitividade”, “planificación estratéxica”, “desenvolvemento sostible”, “inclusión dixital”, “enerxías renovables”, “transparencia”, “participación cidadá” ou “calidade de vida”, entre outros.

Todos estes retos pódense agrupar baixo unha única pregunta máis ampla e de maior calado: ¿Cómo realizar unha planificación estratéxica das nosas cidades?. Para dar resposta á mesma témonos que plantexar que estratexias de modernización hai que levar a cabo nas administracións para soportar e impulsar as dinámicas urbanas, a fin de asegurar a evolución e competitividade de cada urbe nunha economía globalizada, apostándose sempre póla súa orientación como cidades sostibles e/ou cidades do coñecemento<sup>9</sup>?

Antes disto débese definir o que se entende por cidades sostibles e do coñecemento. Cidade sostible, en opinión de expertos vencellados á Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona, é aquela que será quen de satisfacer as súas necesidades no presente, sen comprometer a capacidade para satisfacer as necesidades no futuro, atendendo á integridade e a estabilidade social e económica e a calidade de vida da súa poboación. A cidade do coñecemento, pola súa parte, pódese describir como aquela onde, conforme a un plan e a unha estratexia xeral asumida conxuntamente pola sociedade e o goberno, os seus actores teñen o propósito común de construír unha economía baseada no desenvolvemento do coñecemento a través da optimi-

---

9. Esta estratexia para o desenvolvemento de zonas con atraso económico foi estudada e promovida, entretantos, pola Unión Europea quen lanzou o programa “Regions for Economic Change” que establece como motor do cambio económico a sostibilidade e o coñecemento.

zación do capital humano, o capital intelectual (incluíndo a propiedade intelectual, capital social, capital relacional, e os valores tanxibles e intanxibles), para xerar cidades ricas, sabias, tolerantes, estimulantes, participativas, creativas e innovadoras.<sup>10</sup> A cidade do coñecemento, desenvólvese polo tanto sobre catro alicerces: a calidade de vida, a competitividade, o fortalecemento do fluxo económico e o desenvolvemento de centros de innovación<sup>11</sup>. Unha modelización máis precisa e global que define e desenvolve este novo concepto de urbanismo, a cidade sostible e do coñecemento, pivotará sobre o éxito na evolución conxunta de catro eixos: a estabilidade, a cohesión social, a complexidade e a compacidade.

Neste contexto é no que debe posicionarse o sistema urbano do Eixo Atlántico. Se collemos un mapa de Europa veremos claramente que a EuroRexión Galicia-Norte de Portugal e o seu sistema urbano forman parte da súa periferia xeográfica, alonxada das grandes rutas comerciais. Ademais, así o reflexan os indicadores, é unha rexión periférica na lóxica industrial que debe mediante unha aposta estratéxica polo desenvolvemento da sociedade do coñecemento<sup>12</sup> converterse nunha rexión central na nova lóxica dixital e do coñecemento que lle permita ser competitiva nun mercado globalizado<sup>13</sup>. E esta estratexia convírtese nunha cuestión de supervivencia. Moitas veces xa non se trata de gañar competitividade, se non de non perdela. Por tanto xa non se trata de facer este camiño e facelo ben, se non de facelo mellor fronte a outras cidades que xa están camiñando nesta dirección.<sup>14</sup>

---

10. En variadas aportacións realizadas por M. Castells plantéxase esta situación como un novo sistema tecnolóxico, económico e social. Unha economía na que o incremento da produtividade non depende do incremento cuantitativo dos factores de produción (capital, traballo, recursos naturais) senón da aplicación dos coñecementos e da información á xestión, produción e distribución, tanto nos procesos coma nos produtos.

11. Sascha Haselmayr en "The Intelligent Place: Foundations for a Knowledge City"

12. O Observatorio TIC da Xunta (<http://www.observatoriotic.org>) e o Observatorio das Ciencias e o Ensino Superior ([www.oces.mctes.pt/](http://www.oces.mctes.pt/)) presentan indicadores que amosan claramente o noso atraso tamén neste tema.

13. Esta medida (*Medida 10: Utilización pioneira das TIC como factor de minimización das condicións periféricas da euroregião e do sistema urbano do Eixo Atlántico*) foi identificada como prioritaria no estudo "Sete ideas para sete anos decisivos", traballo presentado na Agenda Estratéxica do Eixo Atlántico, baixo a dirección de Luis Domínguez e Xulio Pardellas.

14. Mentres China está creando máis de 50 Cidades do Coñecemento, nós estamos cuestionando se é unha boa idea poñelas ou non en marcha. Isto sen falarmos doutras cidades ou rexións do coñecemento, ou intelixentes, ou creativas de moitas outras partes do mundo, como o Silicon Valley, que se localiza entre San Francisco e San José en California; a Ruta 128 de Boston; Austin, Texas; Carolina del Norte co seu "Triángulo da Investigación", nos Estados Unidos; Bangalore, en India; Estocolmo, en Suecia; Munich, en Alemaña; Tel Aviv, en Israel; Cambridge, en Inglaterra; Sophia Antipolis, en Francia; Helsinki, en Finlandia; Hsinchu-Taipei, en Taiwán; Barcelona, Valencia y Zaragoza en España; Shanghai, en China, entroutras. E moitas outras de tamaño menor que as citadas que están dando xa os seus pasos para posicionarse neste novo modelo económico.



*A xestión dos espazos urbanos faise cada vez máis complexa, requirindo novas solucións innovadoras e imaginativas.*

Unha das características que definen a acción do home e polo tanto a dinámica dos seus sistemas é a intencionalidade. A dirección daquelo que fai e fará o ser humano é intencionado, polo menos a multitude de accións pequenas que se levan a cabo na súa vida cotiá. Nembargantes a suma de intencións, ás veces, non provoca como resultado unha acción conxunta intencionada. Isto indicanos ás claras a necesidade de realizar unha planificación, de xeito que se lle dé intencionalidade ás accións que contribuirán así á achega do obxectivo global. Queda claro, pois, a necesidade da definición dunha liña estratéxica que permita facer realidade este concepto de cidade.

Así, o gran desafío que supón o desenvolvemento da urbe do futuro como cidade sostible e do coñecemento precisa da dotación desa intencionalidade a cada unha das actuacións que se realizan dende as administracións en canto á xestión que fan do seu territorio, e dos seus activos. Lograr unha maior eficiencia e impacto en cada unas das accións realizadas, por moi pequenas que estas sexan, e sacar o máximo proveito de cada valor e recurso existente, sexa tanxible ou intanxible, é fundamental. Isto inclúe incorporar a esas accións criterios que fomenten, atraian e xeren novos recursos en capital económico e social, e novo coñecemento e innovación. Vivimos

na época da creatividade e da innovación. As universidades, as administracións e as empresas deben pensar en innovar tódolos días aínda que sexa en pequenos pasos, nos produtos, nos servicios e nos procesos que levan a cabo.

Incorporar criterios de valoración en base á innovación que un proxecto aporte ou a utilización novedosa das TIC a través dos pregos de calqueira contrato administrativo é un paso pequeno, pero un estímulo para a mellora da innovación na xestión e planificación da cidade. Outro paso ben podera ser o fomento dende as administración da formación de unións entre empresas foráneas (que teñen o know-how e a tecnoloxía) e empresas locais á hora de presentarse aos concursos públicos favorecendo así o mellor aproveitamento na cidade dos orzamentos e inversións municipais a través da inxección de novo coñecemento no tecido local. E, por qué non, a utilización dunha rede local avanzada composta por universidades, empresas locais e centros tecnolóxicos como “think-tank” ao que someter os proxectos para garantir que sexan innovadores. Todo isto debe ser interiorizado pola administración, e ser institucionalizado polos políticos para calqueira proxecto procurando que istos esforzos non se deixen somentes ao “bon facer” dalgúns técnicos.

## 2. INFORMACIÓN E COÑECEMENTO


Aínda que poda parecer contradictorio, para dotarnos de coñecemento precisamos de coñecemento. O coñecemento é unha ecuación exponencial que xurde de dispoñer de información que a súa vez derivase dos datos. Se facemos caso á definición xenérica de coñecemento, como a apreciación da posesión de múltiples datos interrelacionados que por sí sós posúen menor valor cualitativo, que dun xeito agregado, poderemos deducir o rol tan importante que as TIC teñen como ferramentas fundamentais para obter, organizar e posibilitar a xeración de coñecemento, a partires da información existente en e sobre o noso entorno. Información que, sen dúbida, será de vital importancia para garantir a calidade de vida do conxunto dos cidadáns.

Queda claro que si a información non flúe impedirase a produción de coñecemento e este quedará limitado. E sen coñecemento non se pode mellorar nen se pode innovar. Para que a información flúa é preciso contar con infraestruturas que faciliten a distribución da información. Pero todavía máis importante que isto, é o despreague de infoestruturas<sup>15</sup> que teñan como misión coordinar e

---

15. A *infoestructura* é un concepto moito máis amplo, que aquí limitaremos por razóns de espazo e profundidade á existencia e dispoñibilidade de datos, de información pero que abrangue desde a existencia de centros de formación que fomenta a aprendizaxe e a creatividade; un sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación; un marco legal.

[http://www.elfprofesionaldelainformacion.com/contenidos/1999/enero/el\\_concepto\\_de\\_infoestructura.html](http://www.elfprofesionaldelainformacion.com/contenidos/1999/enero/el_concepto_de_infoestructura.html)



*A utilización das TIC permite obter información xeoespacial de repercusión na nosa calidade de vida. Fragmento do Mapa de Ruidos de A Coruña.*

fomentar a creación, a organización, a análise da información e a xeración de valor engadido.

Unha infraestrutura sen unha infoestrutura detrás, é como unha autopista sen tráfico. Unha boa infoestrutura cunha pequena infraestrutura produce impactos de maior calado que unha boa infraestrutura cunha pequena ou inexistente infoestrutura. A riqueza dunha cidade, unha rexión ou unha nación xurde non de atesourar recursos, no noso caso a información xeográfica e cartográfica, se non de empregala e explotála da forma máis ampla para xerar valor, e axudarnos a adoptar decisións. E os maiores atesouradores da información son as administracións.

Así, unha economía baseada no coñecemento, para obter o mellor valor posible da relación entre infraestrutura e infoestrutura dependerá das sinerxias e intercambio de saber que se produzan entre cinco actores principais: políticos, administracións, universidades e centros tecnolóxicos, empresas e profesionais e, finalmente, cidadáns. Os gobernos xogan un papel crítico. A misión dos gobernos é que a sociedade funcione aportando os servizos estruturais necesarios, e que a sociedade progrese. E non existe progreso sen liderazgo e sen motivación. O papel dunha acción

administrativa de goberno público, por tanto, ten que ser o de locomotora do progreso demostrando, motivando e liderando co exemplo; favorecendo á vez que os axentes privados poidan desenvolver as súas actividades nun marco de equidade.

Por tanto o primeiro e máis importante debería ser organizar a infoestrutura, as capas de información xeoespacial, dunha cidade, de forma que os cidadáns e administradores teñan a información necesaria no momento en que a precisan, e onde a precisen para afrontar eficientemente cada situación. Adentrámonos na era onde xurde a necesidade de información “aquí e agora” ou información instantánea (a *i-bicuidade*<sup>16</sup>), e onde a atemporalidade e ubicuidade dos servizos ten que convivir coa nova sensibilidade ambiental e social. A relación da sociedade moderna coa información está a experimentar un cambio grazas ás TIC: por un lado xurde a necesidade de que a información non a teñamos que ir a buscar (*pull*), precisamos que nos chegue (*push*). Precisamos que a cidade se converta nunha plataforma de información ambiental convertindo á urbe nun soporte e medio dixital a través de variables como, por exemplo, o mobiliario urbano intelixente<sup>17</sup> e calquer outro elemento, ata o momento non tido en consideración, co que interactuamos no día a día. Por outro lado a sociedade pasa de ser un axente pasivo, ou consumidor de información, a un axente activo ou axente produtor da mesma, xerando información de valor engadido, e ideas que se difunden dunha forma máis ampla, rápida, sinxela, independente do espazo-tempo no que se produciu, e por suposto moito máis accesible e democrática que fai uns poucos anos.

En gran medida, e isto hai que recalcalo, o desafío é sobre todo organizativo e de liderazgo. A xeración de infoestructuras (neste estudio falaremos das xeoespaciais) é clave para xerar innovación e modernización. E isto significa estimular a cultura da colaboración e do intercambio de coñecemento. A nivel práctico implica que dende as administracións se dean os pasos mencionados antes, a través de aspectos como rediseñamento dos procedimentos administrativos, a modificación de ordenanzas, pregos e normas técnicas, e, por suposto, institucionalizar a coordinación e a colaboración entre diferentes niveis administrativos, de tal forma que a información se mova en tódalas direccións, o coñecemento se espalle, a innovación xurda, e todo isto xere progreso e maior benestar e calidade de vida nos cidadáns.

---

16. Alfons Cornellá, define este termo, de modo que fronte ao acceso ubicuo á información, xurde o concepto da información ubicua, a *i-bicuidade*. A necesidade de que á xente se lle presente a información que precisa no momento, na situación, na que a necesita. Pásase deste xeito da *u-bicuidade* física das redes á *i-bicuidade* virtual da información.

17. Un exemplo de converter á cidade nun medio dixital é o proxecto denominado “Milla digital” que está sendo levado a cabo polo Ayuntamiento de Zaragoza nunha zona en desenvolvemento da cidade, en colaboración cón Massachusetts Institute of Technology (MIT), a Universidade de Zaragoza e outros axentes no que o pavimento, as fontes de auga, as paradas de autobús convértese en suministradores de información. [http://www.milladigital.es/espanol/09\\_urbanDigital.php](http://www.milladigital.es/espanol/09_urbanDigital.php)

É importante, non cabe dúbida, o papel da tecnoloxía e das redes da información para garantir esta situación. Pero antes de cablear todas as nosas cidades e dotalas por doquier de puntos de acceso inalámbricos, débese pensar no contido que imos a ofrecer. Débese, neste escenario, abandonar a posición dunha oferta estática (ou de arriba-abaxo) na que se suministra a información que as administracións e gobernos consideran de interese para o cliente, sexa este cidadán, empresa ou a propia administración; para ocupar unha posición de cumprimento da demanda (ou de abaixo-arriba) na que o cliente recibe a información e servizos que son do seu interese para explotalos como considera oportuno dentro do marco da legalidade. É o concepto de mordomo dixital<sup>18</sup> ou información á carta. Isto implica, polo tanto, definir previamente a infoestrutura antes de crear unha infraestrutura vacía de contidos e servizos de interese para a cidadanía.

Para poder xestionar o territorio a unha escala urbana, e xestionar os seus activos precisamos información. Pero atopámonos con algunhas dificultades. Supoñamos por un intre que temos un gran puzzle con infinidade de pezas producidas por diversas empresas, e que foran realizadas sen establecerse previamente ningunha coordinación entre elas en canto a normas ou estándares a seguir para o tamaño, formato das pezas ou parte do puzzle a producir. Si se quere reconstruír o puzzle para obter a imaxe na cuberta da caixa, atoparémolos con pezas que non encaixarán onde deberían, pezas duplicadas nalgúns zonas, pezas que se perderon ou non sabemos onde están ou pezas ás que lle falta algún enganche. Quedarémolos cunha imaxe reconstruída sobre a mesa, incompleta e chea de ocós e, sobre todo, moi alonxada da situación que se debe esperar.



*A información xeoespacial ten cada vez máis presenza na nosa vida cotidiá. Fragmento do Rueiro de Lugo.*

18. Término definido por Nicholas Negroponte no seu libro *Being digital* (Vintage Books, 1995).

Pensemos agora en que a reconstrucción do puzzle é a realidade do noso territorio. Cada unha das empresas que crearon pezas son cada un dos múltiples axentes –administracións, promotores e construtores, empresas de redes- que producen transformacións no territorio e/ou producen datos relativos a éste; e por último, cada unha das pezas é cada unha das fontes de información e datos xeoespaciais producidos polos distintos actores en distintos formatos, distintas estruturas de datos e baixo distintas terminoloxías.

Esta é a situación da información xeográfica relativa ás nosas cidades nas que os distintos departamentos das administracións locais obteñen e producen información territorial para un uso propio e limitado, e sen o obxectivo de compartila con terceiros, xa sexan istos outros departamentos, administracións, empresas ou cidadáns. Así mesmo outros departamentos, administracións e entidades é probable que produciran tamén pezas do puzzle, neste caso en forma de información xeoespacial, seguramente baixo formatos e estruturas de datos que impedirán que sexan integrables para aportar unha imaxe completa. Isto claramente supón unha ineficiencia no aproveitamento e explotación dos recursos e unha perda no coñecemento do propio territorio.

Ademáis do formato estritamente informático e tecnolóxico, os criterios de codificación da información, a estruturación das diferentes capas, en definitiva a carencia dun modelo de datos homoxéno, pode supoñer dificultades para a integración da información. Parte de estas dificultades serán propias da orixe e interese dos datos. Por exemplo, a unidade territorial “sección censal”, á que fan referencia datos de personas, pode trocar co tempo en función das densidades de poboación. Isto fai que datos dunha mesma variable veñan referidos a diferentes unidades territoriais, dificultando a súa comparabilidade temporal. A propia informática ofrece algunhas solucións, aínda que non sempre aplicables, como por exemplo a construción dun “*grid*”, unha malla dun determinado tamaño sen correspondencia cos polígonos administrativos (parroquia, parcela, manzana, barrio,...), á que lle asignan os valores distos polígonos administrativos, de xeito que se dispoñe dunha unidade territorial comparable, no espacio e no tempo (Cárdenas, 2005: 431-466).<sup>19</sup>

O problema da información xeoespacial e cartográfica, compartido con outros tipos de información como a información estadística, sintetizaríase coas “*cinco d*”: existe multitude de información *dispersa*, *desagregada*, *duplicada*, *discordante* e *desactualizada*. Máis adiante veremos qué se está proponendo para darlle solución a estas cuestións de singular importancia.

---

19. Vid. Cárdenas, F. (2005). “Sistemas de información municipal y de soporte a la toma de decisiones para el planeamiento estratégico”, en Souto, X.M., Bouzada, X.M. e Figueiredo, A. (Coords.) (2005). *Segundos Estudos Estratégicos do Eixo Atlántico*, Ourense: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, pp. 431-466.

### 3. O VALOR ECONÓMICO DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO PARA IMPULSAR A ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Vimos anteriormente o papel que a información xoga no desenvolvemento do coñecemento, e o rol que deben xogar as administracións como propietarias de inxentes cantidades desta. A nivel local, e ao ser esta a administración máis cercana ó cidadán e ó territorio estímase, neste senso, que cerca dun 70% dos datos manexados por concellos e cámaras municipais son xeoreferenciabes. E por elo a explotación de istos datos mediante as TICs convértese en fundamental para a melloira da xestión pública nas cidades.

O valor económico de dispoñer e permitir o emprego e reutilización desta información é bastante complexo medilo, pois interveñen factores como o valor propio “per-se” da información, os beneficios económicos que xera interna e externamente ao ser usada e reutilizada, e os aforros económicos derivados dunha xestión máis eficaz e dos provintes da redución dos custos de transacción<sup>20</sup>.

Este último aspecto, o dos custos de transacción, pódese exemplarizar co consumo de recursos nos que incurre un promotor á hora de contar coa información precisa para acometer un proxecto. Isto inclúe ós custos de averiguar quén dispón da información que precisa (parcelario e titulares, topografía, redes de distribución existentes, planeamento e normativa urbanística, tipoloxía do subsele, hidroloxía, sistimoloxía,...); o custo de produci-la por sí mesmo se non a atopa; o custo derivado do intercambio ou compra da información; e o custo de adaptala para poder empregala, entre outros. Todos estos aspectos inclúen, polo tanto, custos tanto directos como indirectos, como por exemplo, o valor económico do tempo perdido procurándose a información. Este exemplo repítese en moitos outros casos. Para realizar un estudio territorial por parte de calqueira investigador, invírtese máis tempo averiguando e obtendo os datos precisos que na realización do propio estudo. O mesmo acontece dentro das administracións, e nas relacións interadministrativas.

Para estudar istos asuntos a Unión Europea lanzou dous estudos nos anos 2000 e 2006, co obxecto de identificar o valor económico do mercado de contidos que xeraría a información en poder do sector público ou ISP. Tendo en conta a dificultade de medición deste mercado o estudo MEPSIR (2006) concluiu que o valor do mercado total da ISP a nivel europeo situaríase entre os 10 e os 48 mil

---

20. O chamado Teorema de Coase establece que se non existiran os custos de transacción, a asignación de recursos sería sempre a máis eficaz calqueira que fose a distribución de dereitos de propiedade. Na teoría económica enténdese por dereito de propiedade a liberdade de elixir ou capacidade de adoptar unha decisión referente a un ben ou servizo. Os custos de transacción poden definirse como “os custos de transferir dereitos de propiedade” ou, máis sutilmente, como “os custos de establecer e manter os dereitos de propiedade”.

millóns de euros, cun valor medio aoredor dos 27 mil millóns<sup>21</sup>. Isto supón o 0,25% do PIB agregado da UE. Outro estudo, o estudio PIRA (2000), estimou o valor nunha cantidade de 68 mil millóns de euros<sup>22</sup>.

Comparando a inversión económica realizada polas administracións para dotarse de ISP en Europa, e o seu potencial, con respecto a Estados Unidos resulta chamativo. Mentres a UE invirte 9.5 mil millóns de euros ao ano en obtela, o seu valor económico sería de 68 mil millóns de euros. Mentres que nos EEUU invertindo 19 mil millóns de euros o valor económico da súa ISP é de 750 mil millóns de euros; aínda sendo a base económica dos dous bloques bastante semellantes<sup>23</sup>. Isto débese ao mercado existente gracias, entre outros, á política que leva xa anos desenvolvéndose nos EEUU, onde a administración suministra os seus datos libre de calqueier taxa. Este concepto queda reflexado na filosofía do seu goberno: "A información gubernamental é un valor nacional valioso e (...) os beneficios económicos para a sociedade se maximizan cando a información do goberno atópanse disponible dunha forma equitativa a todos"<sup>24</sup>.

Esta filosofía norteamericana contrasta profundamente coa levada a cabo nos municipios galegos e portugueses, onde os conxuntos de datos públicos reutilizables e fácilmente accesibles para xerar novos servizos ou produtos son escasos ou nulos. Non existe unha política de datos consensuada e a entrega de información é a miúdo discriminatoria en función da decisión dun técnico ou dun político. Por outro lado o seguimento posterior da información cedida e os seus usos, aínda que tecnolóxicamente posible, é complexa. Así xurde un mercado pouco equitativo e pouco transparente de tráfico de información entre quen dispón dela e quen non.

Os estudos económicos comentados antes levaron á Unión Europea a poñer en marcha a "Directiva para a Reutilización da Información no Sector Público"<sup>25</sup> que se transpón nas correspondentes lexislacións nacionais. Neste punto evidénciase tamén dun xeito notable a escasa axilidade e visión de España e Portugal

---

21. Informe MEPSIR [http://ec.europa.eu/information\\_society/policy/psi/library/index\\_en.htm#MEPSIR\\_Study,\\_2006\\_\(PDF\\_files\)](http://ec.europa.eu/information_society/policy/psi/library/index_en.htm#MEPSIR_Study,_2006_(PDF_files))

22. Informe PIRA [http://ec.europa.eu/information\\_society/policy/psi/library/index\\_en.htm#\\_Commercial\\_Exploitation\\_of\\_Europes\\_PSI,\\_PIRA\\_study,\\_2001\\_\(PDF\\_files\)](http://ec.europa.eu/information_society/policy/psi/library/index_en.htm#_Commercial_Exploitation_of_Europes_PSI,_PIRA_study,_2001_(PDF_files))

23. Informe OXERA [http://www.oxera.com/cmsDocuments/Agenda\\_Oct%202005/Public%20information%20private%20profit.pdf](http://www.oxera.com/cmsDocuments/Agenda_Oct%202005/Public%20information%20private%20profit.pdf)

24. Office of Management and Budget (Executive Office of the US President) (1996), OMB Circular No. A-130, February 8th.

25. Directiva 2003/98/EC do Parlamento e o Consello Europeo para a Reutilización da Información no Sector Público

que levou á Unión Europea a denuncialos en decembro do 2006 ante o Tribunal de Xustiza polo incumplimento na disposición de leis neste sentido<sup>26</sup>.

Esta lexislación entende a reutilización como o uso de documentos que obran en poder das administracións e organismos do sector público, por personas físicas ou xurídicas, con fines comerciais ou non comerciais e sempre que dito uso non constitúa unha actividade administrativa pública co obxectivo de xerar un mercado europeo da información. Con esta lei prodúcese un importante avance para a Administración pública no seu deber de transparencia e accesibilidade perante á sociedade, revertindo na mesma os beneficios de coñecemento e económicos que conleva o uso da información que a propia Administración posúe.

En canto á información xeoespacial que forma parte da ISP a directiva INSPIRE, íntimamente ligada á directiva da ISP e que especifica a forma de usar, reutilizar e explotar datos xeográficos, levantou certa polémica ao permitir que os gobernos poidan establecer taxas, máis alá das derivadas dos custos de distribución, e licencias na utilización distos datos. Isto provocou un forte debate, que todavía continúa, sobre a necesidade duns xeodatos libres seguindo o modelo norteamericano<sup>27</sup>.

#### **4. A INFORMACIÓN XEOESPACIAL COMO INFORMACIÓN CRÍTICA PARA A PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E A MELLORA DA XESTIÓN ADMINISTRATIVA**

Unha das principais dificultades da planificación estratéxica e da avaliación de indicadores de calquera tipo, que nos permitan obter coñecemento da cidade, é a recopilación de información e sobre todo, de información xeorreferenciada<sup>28</sup>. A importancia da información xeoespacial en relación coa toma de decisións e o tratamento de cuestións de crecente importancia a nivel local, nacional, rexional e/ou global, foi mencionada como un aspecto crítico no Cumio de Río sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de 1992; e tamén nunha sesión especial da Asamblea Xeral das Nacións Unidas en 1997, para avaliar a execución da Axenda 21.

---

26. A Comisión denuncia a cinco países ante o Tribunal de Xustiza por incumplimento das normas da UE sobre reutilización da información do sector público.

<http://europa.eu/rapid/pressReleasesAction.do?reference=IP/06/1891&format=HTML&aged=0&language=ES&guiLanguage=en>

O 12 de Maio do 2007 o Goberno Español aprobou e remitiu ao congreso o proxecto de lei para a transposición nacional a España desta Directiva, que non se espera que entre en vigor ata o 2008.

[http://www.congreso.es/public\\_oficiales/L8/CONG/BOCG/A/A\\_136-01.PDF](http://www.congreso.es/public_oficiales/L8/CONG/BOCG/A/A_136-01.PDF)

27. Iniciativa "Public Geodata". Argumentos para uns xeodatos públicos. <http://publicgeodata.org/Arguments>

28. Información xeoreferenciada é aquela información que presenta un compoñente ou atributo (dirección postal, coordenadas xeográficas,...) que permiten que poida ser ubicada xeográficamente sobre o territorio.

**SITE OFICIAL  
MUNICÍPIO DE CHAVES**

Mapa do site | Pesquisa

**A Antarquia** | O Concello | Servizos | Turismo | Cultura | Contactos | Media

O presidente | O executivo | Asemblea Municipal | Braño | **Documentos e Projectos** | Concursos | Organograma | Legiſlación | Boletim Municipal

Actas  
- 2003  
- 2004  
- 2005  
- 2006  
- 2007

Avizos

Edictos  
- 2005  
- 2006  
- 2007

Regulamentos e Normas Municipais

Programa Pólis

Parque Empresarial

Agenda 21

**SIG - Geochaves**

Parque de Actividades

Plataforma Loxística de Chaves

Documentos Previsionais  
- 2005  
- 2006  
- 2007

Mercado Abastecedor

Nova Biblioteca Municipal

Boletim Municipal

**SIG - GEOCHAVES**

**Núcleo de Sistemas de Información Geográfica**

A prossecución de políticas de desenvolvemento local, pressupõe que o municipio, seu protagonista por exceléncia, dispoña de información qualificada sobre as diversas áreas de intervención municipal.

Por isso, facilmente se entenderá a importancia dos SIG para a Câmara Municipal, enquanto instrumentos de inquestionável valor no apoio á gestión territorial, designadamente no que se refire á súa capacidade de guardar e manipular información xeográfica, permitindo analizar datos e fenómenos en relación aos quais a localización xeográfica é una característica imprescindible.

A exploración e o cruzamento dos datos almacenados nun SIG permite, através de operacións complexas de análise espacial apoiar a decisión nos dominios do planeamento e do ordenamento do territorio, da gestión dos recursos e de actividades, mais rapidamente e com maiores garantías de certeza, facilitando a consciencialización anticipada das consecuencias resultantes das opcións posibles face a una decisión a tomar.

A Câmara Municipal de Chaves criou o Núcleo de traballo en Sistemas de Información Geográfica, tendo como obxectivo genérico, numa primeira fase, recoller, organizar e tratar de forma sistemática a información xeográfica existente. A información agora disponibilizada neste espazo tem como obxectivo facilitar aos cidadáns o acceso á mesma, acelerar e mellorar a pesquisa e rentabilizar os recursos, prosseguindo o interese na súa progresiva integración con a Internet numa perspectiva mais alargada de divulgación.

Para os mesmos fins, sempre que seja posible, pretende-se futuramente adicionar neste espazo mais información.

**Informacións Úteis**

- 1- Boletim Municipal
- 2- Actas Reunión de Câmara
- 3- Obter una licenza de construción
- 4- Museu da Região Flaviense
- 5- Como lidar com o ruído?
- 6- Onde fica a Biblioteca Municipal?
- 7- Ligações Úteis
- 8- PAC - Madalena
- 9- Desenvolvemento Rural

*Moitos Concellos e Cármaras do Eixo Atlántico apostan polos SIX como unha ferramenta básica no desenvolvemento das súas actividades. Acceso ó SIX de Chaves.*

Os SIX, en relación co anterior, constitúen ferramentas únicas á hora de analizar de forma conxunta as múltiples variables que deben terse en conta á hora de realizar calqueira actuación. Isto é así porque o territorio, a compoñente espacial, é o principal nexos de unión de variables tan aparentemente lonxanas como poden ser a superficie dunha beirarúa, a poboación residente e as actividades económicas de calqueira área urbana. Se facemos caso de novo á definición de coñecemento deduciremos de novo que as TIX (Tecnoloxías da Información Xeográfica) son ferramentas imprescindibles para obter, organizar e xerar coñecemento sobre o noso entorno.

Con todo, ten que darse un paso máis para escomenzar a construír sistemas de soporte á planificación que integren sobre a base anterior vencelladas cos SIX, modelos de simulación, análises de posibilidades de proxección de novos escenarios, ou utilidades para a análise ecosistémico das cidades. O planificador disporá así de ferramentas que van máis alá da intuición, e polo tanto as decisións se poderán tomar con máis garantías de éxito.

De feito, a falta de planificación estratéxica, xunto co ruído, a contaminación do aire, a densidade do tráfico, o descuido do entorno construído, ou a mala xestión do medio ambiente, son sinalados pola Comisión Europea como unha das principais causas de degradación da calidade de vida nas cidades. Conceptos estes que foron desenvolvidas no ano 2005 con máis detalle nos “Segundos Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico”.

Inicialmente, a maioría de departamentos dunha administración non teñen como obxectivo o compartir datos, se non xestionar aqueles da súa competencia. A aproximación sistémica á cidade require compartir información, e os SIX como se sinalou, postúlanse como a mellor solución informática. Ademais do rol de creador de datos e do xestor distos datos, aparece agora o de usuario e visualizador de datos, de xeito que a produción de mapas, a análise espacial, o modelado da información deben estar ao alcance de calqueira interesado.

## 5. TRANSPARENCIA, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E INNOVACIÓN

A revolución tecnolóxica na que estamos inmersos, a Sociedade da Información, obrigará a redeseñar moitos dos servizos públicos en aras dun aforro de recursos económicos. A incorporación das novas tecnoloxías modificará as relacións do marco espacial e temporal tradicional, favorecendo unha maior accesibilidade e rapidez á información a un menor coste, con maior seguridade e rigor informativo e, sobre todo, ofrecerá a posibilidade dunha mellor e máis democrática atención ós cidadáns.

Por outro lado as ferramentas específicas SIX deben de conxugarse co emprego de Internet por parte dos gobernos, desenvolvéndose o xa clásico e-government, co obxectivo de prestar servizos de valor engadido á cidadanía, como por exemplo a participación cidadá “bottom-up” e “up-bottom”<sup>29</sup> na planificación urbanística e grandes proxectos de infraestruturas) ou mellorar a prestación dos xa existentes. Isto coñécese como G-Government (Geographic Government), que representa unha dimensión estratéxica que achega de xeito notable a administración ao cidadán, permitindo unha xestión moito máis eficaz e próxima. Ó mesmo tempo incorpórase unha nova linguaxe, a xeográfica ou cartográfica, nas interaccións público-privadas, levando a colaboración entre axentes do territorio a un nivel máis eficaz, produtivo e enriquecedor.

---

29. Estes conceptos reflexan os dous tipos de interacción posibles na relación participativa dos cidadáns nos asuntos municipais. Participación cidadá a través do debate sobre propostas realizadas dende a administración (up-bottom) e participación cidadá a través do debate de propostas realizadas dende a cidadanía (bottom-up).

A existencia de servicios de participación cidadá nos procesos de toma de decisións, enmarcados dentro do g-government son extremadamente escasos. Das poucas existentes a meirande parte delas xeran comunicacións dun solo sentido, aínda cando a tecnoloxía para facelo en ambos está dispoñible e non supón desembolsos maiores do que o supoñen as dun sólo sentido.<sup>30</sup>

Hai que dar un salto máis alá no recoñecemento que se asigna á participación cidadá, facilitando a comunicación nos dous sentidos, pero pasando de identificala como un dereito a considerala un valor económico: o valor que ten a intelixencia colectiva dos cidadáns como fonte de aportación de solucións mellores que as dos expertos. Nesta lima faise fundamental a multiplicación do poder que as ferramentas de visualización xeográfica teñen en procesos como o da planificación espacial participativa. Isto permítenos diferenciala do valor que ten que un cidadán participe dando a súa opinión sobre aquelas cuestións públicas que lle afecten directamente. Este concepto xa o entederon e o están a asimilar dun xeito moi rápido o mundo das multinacionais, que a través do "*crowd-sourcing*"<sup>31</sup> empregan a capacidade de innovación da multitude (profesionais, consumidores, estudantes, amas de casa,...) para buscar solucións a problemas que os seus equipos (in-sourcing) ou empresas contratadas (out-sourcing) non son quen de resolver có éxito preciso. Exemplos de interés do que aquí se está falar, son entre moitas outras, un par de experiencias interesantes e novedosas nos binomios mapas-transparencia e mapas-participación cidadán: as do "Baltimore Citistat" e o "Participatory Spatial Planning in Europe".

"Baltimore Citistat"<sup>32</sup> é un proxecto con múltiples premios á innovación, transparencia e modernización gubernamental. Este organízase a través dun sistema de indicadores de seguemento e avaliación da xestión municipal, presentando á cidadanía cada dúas-catro semanas, vía internet ou en rolda de prensa, a través de mapas e informes asociados a dinámica evolutiva das labores municipais nun sinfín de temas (recollida de sólidos, criminalidade, atención ao cidadá,...). Desta forma tódalas equipas técnicas municipais vense obrigadas a respostar diante do cidadán da evolución dos seus traballos. As porcentaxes de mellora na eficiencia dos servizos e a redución do absentismo laboral resultado deste proxecto son asombrosas. A través dos mapas presentados sintetízanse para un tema dado as suxe-

30. Algúns autores denominan a estas aplicacións Public participatory geographic information systems (PP GIS). Can Online Map-Based Applications Improve Citizen Participation? Renate Steinmann, Alenka Krek y Thomas Blaschke.

31. "The Rise of Crowd-Sourcing" Wired 14.06. <http://www.wired.com/wired/archive/14.06/crowds.html>

32. Baltimore Citistat. Reports and Maps. <http://www.ci.baltimore.md.us/news/citistat/reports.html>; Más información sobre este proxecto en DoWire.org [http://dowire.org/wiki/Baltimore\\_CitiStat#Baltimore\\_CitiStat:\\_\\_accountability\\_by\\_statistics](http://dowire.org/wiki/Baltimore_CitiStat#Baltimore_CitiStat:__accountability_by_statistics)

rencias e reclamacións dos cidadáns, o actual estado, os traballos a realizar e a poboación afectada por cada zona da cidade.

O proxecto "Participatory Spatial Planning in Europe"<sup>33</sup> ten como obxectivo a mellora no intercambio de información espacial nos procesos de participación no planeamento, a través de aproximacións interactivas que empregan a xeo-visualización. Os novos sistemas de visualización son ferramentas moi potentes de comunicación, e asó ó longo do proxecto comprobouse que facilitan e melloran a interacción e o entendemento entre as autoridades gubernamentais e a cidadanía.

Un exemplo claro neste punto témolo en proxectos privados como Google Earth, Google Maps, Yahoo Maps ou MSN Live que permitiron o acceso a esta nova dimen-



*A difusión da información xeográfica ten adquirido un notable auxe a partir da xeralización de potentes ferramentas de divulgación. Fragmento da Área Metropolitana de Porto extraído de Google Earth.*

33. Participatory Spatial Planning in Europe (PSPE). Proxecto financiado por INTERREG III West. <http://www.pspe.net>

sión aos internautas. Un fenómeno crecente e de suma interese social e económico é a da xeración de *mashups*<sup>34</sup> entre os servizos de mapas mencionados antes, e datos provintes de terceiras fontes. Isto amosa mediante exemplos, que non deixan lugar a dúbida, o potencial social, económico e creativo que supón permitir que a información flúa, facilitando servizos que permitan a súa reutilización e a súa combinación con outras fontes ou novos servizos derivados. Estas combinacións permitiron que cidadáns de todo o mundo xerasen aplicacións novedosas que en moitos casos cubren algún oco na prestación do propio servizo público, por parte de gobernos ou empresas. As ideas xurdidas a partires da combinación das fontes de datos gratuitas dispoñibles on-line, moi abundantes en EEUU, e mapas está limitada só pola imaxinación de quen as use<sup>35</sup>. Pódense citar algúns exemplos moi interesantes:

“Walkscore”<sup>36</sup>: a partir da combinación entre datos das actividades económicas das páxinas amarelas e os mapas de Google para coñecer o nivel de “camiñabilidade” ou máis ben “grado de cercanía de servizos” da casa que estás pensando en mercar.

“ChicagoCrime”<sup>37</sup>: mapa coa ubicación dos crímenes e tipoloxía cometidos na cidade de Chicago a partires da combinación de Google Maps e os informes publicados pola policía de Chicago.

Esta filosofía aseméllase a un LEGO no que distintas pezas e compoñentes de distintas formas, cores, tamaños e funcións, pero que siguen uns estándares de interconexión que lles permite a interoperabilidade, favorecen ao poseedor experimentar reconstruindo a figura que lle propón o fabricante, ou creando novas figuras saídas da súa imaxinación empregando o xogo como un medio que lle permite expresar a súa creatividade e a súa capacidade de innovación<sup>38</sup>.

## 6. AS INFRAESTRUTURAS DE DATOS ESPACIAIS

Dende fai xa moito tempo, véñense proponendo múltiples solucións para o problema do puzzle descrito ao comezo. Todas adolecían da compoñente de cola-

34. Un *mashup* son novos servizos xenerados a partires da combinación de datos proporcionados por outros servizos de terceiros.

35. Goggle Maps Mania <http://googlemapsmania.blogspot.com>

36. Walkscore. <http://www.walkscore.com>

37. ChicagoCrime. <http://www.chicagocrime.org/map/>

38. LEGO Serious Play. <http://seriousplay.com>

O rol da utilización dos LEGO para fomentar a aprendizaxe da innovación e a creatividade é algo amplamente estudado. [http://www.klee.ac/en/lsp/science\\_en\\_020730.pdf](http://www.klee.ac/en/lsp/science_en_020730.pdf)

boración e da compoñente organizativa, focalizándose única e exclusivamente no deseño de formatos informáticos de intercambio de información.

INSPIRE (Infrastructure for Spatial Information in Europe)<sup>39</sup> é unha iniciativa recente da Comisión Europea promovida pola Axencia Europea de Medio Ambiente e Eurostat. e desenvolvida en colaboración cos Estados membro da UE. Esta ten como propósito o facer disponible a información xeográfica relevante, concertada e de calidade, de xeito que permita a formulación, a implementación, a monitorización e a avaliación das políticas de impacto ou de dimensión territorial na UE. Xurde da dificultade coa que a Comisión Europea se atopou para poder planificar o reparto de fondos estruturais e para poder formular políticas de desenvolvemento e medioambientais dun xeito homoxéneo nos diferentes territorios da UE.

INSPIRE é unha iniciativa legal, convertida recentemente nunha Directiva Europea<sup>40</sup>, que se está a transpor nas lexislacións nacionais. A partir dela estableceranse estándares e protocolos de tipo técnico, aspectos organizativos e de coordinación, políticas sobre a información que inclúe o acceso aos datos e a creación e mantemento de información espacial, que deben ser adapatadas e seguidas polo conxunto de estados membros da EU. A este tipo de infraestruturas denomínaselles Infraestruturas de Datos Espaciais (IDE ou SDI). Os sistemas de información xeográficos son con frecuencia o medio utilizado para implantar estas infraestruturas e dar soporte á infoestrutura xerada sendo a peza base sobre a que se debe desenvolver o G-Government.

Unha IDE inclúe datos e atributos xeográficos, documentación suficiente (metadatos) sobre éstos, un medio para descubrir, visualizar e valorar os datos (catálogos e cartografía en rede) e algún método para proporcionar acceso para a reutilización dos datos xeográficos. Ademais, debe haber servizos adicionais ou software que permitan aplicacións dos datos. Para facer funcional unha IDE, tamén debe incluír os acordos organizativos precisos para coordinala e administrala a escala local, rexional, nacional e transnacional.

Todas as iniciativas para o establecemento dunha IDE inclúen uns principios comúns:

- **Marco Institucional:** o establecemento de acordos entre os produtores de información xeográfica, especialmente entre os produtores oficiais, para

---


39. Máis información en <http://www.ec-gis.org/inspire/>

40. Directiva 2007/2/EC do Parlamento e do Consello Europeo do 14 de Marzo do 2007 para o establecemento dunha Infraestrutura de Datos Espacial na Comunidade Europea (INSPIRE)

xerar e manter os datos espaciais fundamentais (metadatos ou “framework data”) para a maioría das aplicacións baseadas en SIX.

- **Estándares:** o establecemento de normas ás que deberá axustarse a información xeográfica, os intercambios desta e a interoperación dos sistemas que a manexan.
- **Tecnoloxía:** o establecemento da rede e mecanismos informáticos que permitan: procurar, consultar, atopar, acceder, suministrar e usar os datos espaciais ou xeográficos. Como por exemplo permitir incorporar os metadatos organizados en catálogos e ofrecelos na rede a través de servidores.
- **Política de datos:** O establecemento das políticas, alianzas e acordos de colaboración precisos para aumentar a dispoñibilidade de datos espaciais e compartir os desenvolvementos tecnolóxicos.

Así calqueira proxecto relacionado coa explotación da información xeoespacial debería asentarse sobre as normas de INSPIRE. INSPIRE ademáis complementárase con outras iniciativas a nivel europeo como é a xa mencionada Directiva para a



As IDE deben de ser accesible a todos os potenciais usuarios. Portal do Consejo Superior Geográfico (Ministerio de Fomento).

Reutilización da PSI. Neste marco déronse xa os primeiros pasos no despregue de diversas IDEs a nivel transnacional, nacional, rexional e local. A nivel nacional despregouse a IDE de España (IDEE<sup>41</sup>) xestionada polo CNIG; en Portugal despregouse unha das primeiras infraestruturas espaciais nacionais a nivel mundial, o Sistema de Información Geográfico Nacional (SNIG<sup>42</sup>). A nivel rexional Galicia despregou a súa Infraestrutura coordinada polo SITGA<sup>43</sup> (IDEG<sup>44</sup>). A nivel local tanto en Galicia como no Norte de Portugal non se montou ningunha IDE a excepción da IDE (a nivel provincial e que recolle datos moi limitados das cidades coruñesas do Eixo) da Deputación da Coruña, tomando como base a Enquisa de Infraestruturas Locales.

Referentes para as cidades do Eixo son as experiencias implantadas a nivel local<sup>45</sup> en España, escasas polo momento, aínda que en crecemento, como son a IDE de Pamplona<sup>46</sup>, a IDE de Zaragoza<sup>47</sup> ou a IDE-Local<sup>48</sup> de Catalunya. Esta última a través dunha serie de proxectos lanzados e subvencionados polo consorcio Administración Oberta de Catalunya<sup>49</sup>, integrado por LocalRet y la Generalitat de Catalunya, está dotando de IDEs a nivel local e SIXs de soporte e explotación a todos os municipios cataláns.

A nivel transfronteirizo, no ámbito España-Portugal e como evolución do proxecto GEOALEX, desenvolveuse a IDE OTALEX<sup>50</sup> (IDE do Observatorio Territorial Alentejo-Extremadura), que porá a disposición de calqueira interesado os indicadores territoriais do Observatorio. Este proxecto, centrado en núcleos rurais con baixa densidade, representa nembargantes unha experiencia única e de grande interese na cooperación transfronteiriza de todos os organismos clave a nivel nacional, rexional e local a ambos lados para a definición dun modelo de planificación territorial común empregando as TICs como soporte.

---

41. Infraestrutura de Datos Espacial de España. IDEE. <http://www.idee.es/>

42. Sistema Nacional de Información Geográfica. SNIG. <http://snig.igeo.pt/>

43. Sistema de Información Territorial de Galicia. SITGA. Entidad dependente da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

44. Infraestrutura de Datos Espacial de Galicia. IDEG. <http://sitga.xunta.es>

45. No xeoportall da IDE de España pódense consultar as iniciativas a nivel local levadas a cabo en España. [http://www.idee.es/show.do?to=pideep\\_ambito\\_local.ES](http://www.idee.es/show.do?to=pideep_ambito_local.ES)

46. Infraestrutura de Datos Espacial de Pamplona. IDEPamplona. <http://ide.pamplona.es/>

47. Infraestrutura de Datos Espacial de Zaragoza. IDEZar. <http://www.zaragoza.es/idezar/>

48. Infraestrutura de Datos Espacial de Catalunya-Local. IDEC-Local. <http://www.geoportal-idec.net/idelocal/>

49. O Consorcio da Administración Oberta (Administración Aberta) de Catalunya é unha entidade pública composta polo goberno rexional e as entidades locais e que constitúe o proxecto común de e-goberno e implantación de novas tecnoloxías de todas as administracións cataláns. <http://www.aocat.net/>

50. Información sobre a IDE OTALEX en <http://www.idee.es/resources/presentaciones/Sevilla/OTALEX.pdf>

## 7. O SISTEMA DE INFORMACIÓN URBANO TRANSFRONTEIRIZO DO EIXO ATLÁNTICO

O Sistema de Información Urbano Transfronteirizo do Eixo Atlántico (SIU-TEA) xurde fruto do proceso iniciado polas cidades participantes na implantación da Axenda 21 do Eixo Atlántico. Dentro deste proxecto constatoúse a necesidade de que os municipios e cámaras dispuxesen de sistemas de soporte para a planificación estratéxica. Soporte que favoreza a identificación non só as necesidades de xestión, se non as de planificación en cada unha das intervencións a realizar, e as de seguimento das xa realizadas.

Fronte á Axenda 21 que se basea no diagnóstico da situación actual (“o cómo estamos” e “cómo deberíamos estar”) en base a indicadores de natureza integral dun determinado territorio; o Sistema de Información Urbano ten como obxectivo proporcionar a metodoloxía e as ferramentas para simular, avaliar e planificar as actuacións que permitan variar as tendencias de ditos indicadores cara o obxectivo estratéxico marcado. Este obxectivo non podería ser outro que o de dar soporte ao deseño de urbes, garantindo a sostibilidade e que fomenten o fluxo de coñecemento.

As ferramentas de análise, modelaxe e planificación de tecidos urbanos que foron desenvolvidas ata agora leváronse a cabo dende puntos de vista parciais, ben sexan urbanísticos, de mobilidade, medioambientais, económicos, asistenciais ou sociais. Polo tanto, non lograron solucionar as disfuncións que as cidades xeran, pois non se dispón de ferramentas de planificación global que as teñan en conta como un ecosistema urbán. Ademais destas visións parciais internas en cada concello ou cámara, aparece con frecuencia a falta de unha visión máis ampla que teña en conta as cidades dentro dun mesmo ámbito xeográfico, como un sistema interdependente, como unha rede nas que os problemas en un nodo producen fallos ou sobrecargas nos resto.

A gran cantidade de variables que interveñen en calquera actuación real ou simulada, precisan para o seu desenvolvemento de novedosos sistemas para a análise das cidades en tanto se poden entender que forman parte dun ecosistema urbano. Isto debe permitir crear a base do modelo de referencia (en base a catro eixos: estabilidade, cohesión social, compacidade e complexidade), que permita orientar as intervencións públicas no territorio cara un desenrolo máis sostible. Este modelo de referencia debe ser consensuado e explícitamente aceptado, xa non só polos actores públicos, senón tamén polo conxunto da cidadanía. Ademais a aproximación á cidade en tanto que ecosistema urbano, non é incompatible, como se sinalou anteriormente, con visións máis sectoriais ligadas aos aspectos parciais que se dan cita na urbe e que sirven tamén para articular as actuais estruturas administrativas de xestión.

Tendo en conta todo o comentado até o de agora, plantexouse dentro do proxecto para a definición do SIUTEA, proxecto financiado pola iniciativa INTERREG IIIA, como paso inicial necesario, o estudo do estado da información xeoespacial e a súa xestión nos concellos e cámaras municipais integrantes do Eixo Atlántico, como fase previa a calqueira actuación relativa á posta en marcha dun Sistema de Información Urbano, ou a calqueira proxecto de posta en valor da información xeoespacial. Aínda cando SIUTEA incide máis no aspecto de cómo empregar a información para planificar, e que como parte indisoluble incide na xestión, considerouse preciso que tal estudo fora o máis amplo posible, de tal xeito que se puidese identificar cómo se xestionaba a información para o lanzamento de proxectos de modernización da xestión, transparencia e participación cidadá, e fomento da innovación.

Por esto no estudo que aquí se presenta, elaborado por un equipo multidisciplinar de xeógrafos, informáticos, economistas e politólogos, incídese en cinco aspectos a estudar: información territorial existente, sistemas de información, organización e recursos humanos en torno a ésta, acceso, uso e reutilización interna e externa; e acordos de colaboración interinstitucional.



## PARTE II.

# PONTO DE SITUACIÓN EN MATERIA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E CARTOGRÁFICA

### 1. ESTADO DA INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E CARTOGRÁFICA

Relativamente à información cartográfica encóntranse situacións bastante distintas nos concellos e cámaras que foron suxeitos ó inquérito elaborado. En relación à existencia de información cartográfica, pódese afirmar con base na información analizada, que todos as cidades do Eixo posúen cartografía dixital de base, habendo, sen embargo, diferencias no referente ao proceso de adquisición, à actualización da información, à xeoreferenciación, ao modo de representación, ao rigor da información e ao suministro á cidadanía da cartografía por parte de cada institución local.

Sobre o proceso de adquisición as situacións máis comúns son a compra a través de concurso público, a adquisición en parcería con outras entidades e a adquisición a través de comunidades asociativas de municipios. Dunha forma xeral, os entes locais teñen os dereitos de propiedade sobre a cartografía, habendo situacións onde posúen dereitos alargados de utilización.

Pola súa parte a actualización da información, depende de dous factores: ano de produción e existencia de procesos de actualización continua da cartografía. Tamén neste punto se poden observar situacións bastante diversificadas (ver Figura 1).

Sobre a xeoreferenciación da información asístese a dúas situacións distintas, dependentes de contextos nacionais: no Norte de Portugal, o sistema adoptado de referenciación da información é o DATUM 73; enquanto que en Galiza, utilízanse os sistemas ED1950 e UTM29N.

Por último, ao nivel das relacións intra e inter institucionais para o suministro da información asístese às prácticas seguintes:

- A cartografía é utilizada polas entidades que compoñen a estrutura do concello ou da cámara. Este fornecimento ocorre na forma dos volumes de información; através de aplicacións CAD/SIX e através de aplicacións propietarias. Dunha forma xeral cada concello ou cámara utiliza a intranet para estas actividades;
- A cartografía é cedida gratuitamente para utilización restrita por entidades fornecedoras de servizos relacionados con infraestruturas, por exemplo, água, gás, electricidade, telecomunicacións. Con base no inquérito verificase que a utilización é normalmente regulada por protocolos interinstitucionais, habendo, por veces, situacións onde a entidade fornecedora cede ao concello o levantamento das redes de infraestruturas.
- A cartografía é cedida gratuitamente para a utilización restrinxida por institucións de educación no ámbito de estudos ou proxectos universitarios.

Neste eido verificase a existencia dunha grande variabilidade en relación aos niveis de información inxeridos na cartográfica de cada concello, sendo os máis comúns: construción e equipamentos, infra-estruturas/vías de comunicación, elevación e redes de distribución. Situacións menos xeneralizadas son os niveis de equipamentos de saúde, de educación, espazos verdes, entre outros. Na Figura 1 podemos observar que a meirande parte das cidades contan con cartografía vectorial, obtida xeralmente nos inicios da actual década, e a unha escala relativamente óptima para a súa concreción nun SIX (1:1.000). Estas bases son na súa meirande parte fornecidas ao conxunto de departamentos municipais e ofertadas a empresas/institucións externas en diferentes formatos.


### Cartografía vectorial de base

	A Coruña	Braga	Bragança	Chaves	Ferrol	Gaia	Guimarães	Lugo	Monforte	Ourense	Peso da Régua	Pontevedra	Porto	Santiago	Viana	Vigo	Vilagarcía	Vila Real
Qual o ano da cartografía vectorial digital de base mais recente?	2006	2003	1999	2003	2006	2001	2002	-	-	2001	2004	2004	1999	1996	2006	2003	2000	2004
Qual a escala da cartografía digital mais recente?	1:500	1:10000	1:2000	1:10000	1:10000	1:2000	1:10000	1:500	1:2000	1:2000	1:2000	1:500	1:1000	1:1000	1:10000	1:500	1:1000	1:1000
Possui información topolóxica?	Sim	Não	Sim	Sim	Sim	Não	Não	-	-	Sim	Sim	Não	Não	Não	Sim	Não	Não	Não
Compatíbel con SI?	Sim	Sim	Sim	Sim	Não	Sim	Não	-	Não	Não	Não	Não	Sim	Não	Sim	Sim	Não	Sim
Qual é o regime de utilización da cartografía (Propriedade / Outro)?	P	O	P	P	P	P		-	PO	P	O	PO	P	P	O	O	O	O
Está actualizada?	Sim	Não	Sim	Sim	Não	Sim	Não	-	Não	Sim	Não	Sim	Sim	Sim	Não	Não	Sim	Não
Qual é o sistema de referenciação utilizado (DATUM 73, ED1950, UTM29N)?	E	D	D	D	E,U	D	D	E,U	E,U	E,U	D	E,U	D	E,U	D	-	E,U	D
Qual o ano da cartografía vectorial digital de base con mais rigor?	2006	1999	1999	1984	2006	2001	2002	-	-	2001	2004	2004	1999	1996	1995	2003	2000	2004
Qual a escala correspondente?	1:500	1:10000	1:2000	1:2000	1:1000	1:2000	1:10000	1:500	1:2000	1:2000	1:2000	1:500	1:1000	1:1000	1:5000	1:500	1:1000	1:1000
Possui información topolóxica?	Sim		Sim	Sim	Sim	Sim		-	-	Sim	Sim	Sim						
Compatíbel con SI?	Sim	Sim	Sim	Sim	Não	Sim		-					Sim	Sim	Sim	Sim	-	Sim
A cartografía é fornecida aos departamentos?	Sim	Sim	Sim	Sim	4	Sim	2	1		6	1	2	Sim	4	Sim	Sim	2	Sim
Este fornecimento é realizado através de aplicacións?	D	D	D	D	-	D	D	-	D	D	-	D	DA	D	A		-	D
A cartografía mais recente é fornecida a empresas externas / institucións?	Sim	Sim	Sim	Não		Sim	Sim		Não	Sim	Não	Não	Sim	Sim	Sim		Sim	Sim
Em que moldes (Protocolo/colaboración, venda, gratuito)?	P	G	G	-	-	G	V	-	-	P	-	-	PV	P	P		-	V

Figura 1: Información sobre a cartografía dixital de base (mais recente e co mais rigor) de cada cidade.

Fonte: Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)

Así mesmo é de interés coñecer cales son as capas informativas que contén a cartografía existente en cada administración local (Figura 2). Así na meirande parte das cidades cóntase con información dos elementos físicos e infraestructuras-dotacións de cada espacio urbano (mobiliario, vías de comunicación, equipamentos,...). Esta situación é en certa medida lóxica, pois o mantemento e organización de gran parte de istos elementos é competencia dos diferentes concellos e cámaras. Nesta figura tamén se aprecia unha circunstancia que se manterá na meirande parte das cuestións formuladas, cal é a heteroxenidade entre as cidades do Eixo nesta materia. Heteroxenidade fundamentada tanto na entidade e tamaño de cada entidade, como no interés que a organización da información xeográfica e cartográfica ten en cada organización.



Información xeoespacial ofertada pola Cámara de Porto.

Sobre a utilización de ortofotomapas dixitais (ver Figura 3) pódese afirmar, con base no inquérito, que hai dúas situacións distintas: concellos que non posúen ortofotomapas dixitais e concellos que xa adquiriran este volume de información xeográfica. Nesta segunda situación, pódese afirmar que a información dispoñíbel menos recente data de 2000, sendo a máis recente a do ano actual. Verifícase que as entidades que posúen ortofotomapas dispoñibilizan este volume de información a todos os departamentos do concello. En algúns concellos os ortofotomapas son tamén fornecidos a empresas e institucións segundo o modelo descrito para a cesión de cartografía dixital.

Tamén nos ortofotomapas dixitais verificase a utilización de sistemas distintos de xeoreferenciación, dependentes do contexto nacional: no Norte de Portugal, o sistema adoptado de referenciación da información é o DATUN 73, enquanto que en Galicia utilízanse os sistemas ED1950 e UTM29N.



Conteúdo da cartografía (inquérito)	A Coruña	Braga	Bragança	Chaves	Ferrol	Gaia	Guimarães	Lugo	Monforte	Ourense	Peso da Régua	Pontevedra	Porto	Santiago	Viana	Vigo	Vilagarcía	Vila Real
Construção / equipamentos	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Mobiliário urbano e artes urbanas	X			X	X	X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X
Hidrografía	X	X		X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X		X
Infra-estruturas / vias de comunicación / mobilidade	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X
Divisão administrativa	X		X			X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X
Elevação	X	X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
Cultura		X					X											
Redes de distribución		X	X		X	X	X	X	X		X	X	X	X	X			X
Saúde		X	X			X							X					
Solo		X				X	X	X	X			X	X	X	X	X	X	X
Vegetação / espaços verdes / meio ambiente	X		X			X							X	X	X		X	X
Educación		X	X			X							X					
Muros									X			X	X					X

**Figura 2:** Información sobre o contido da cartografía dixital de base, por cidade e por áreas de xestión.

Fonte: *Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)*

Ortofotomapas digitais	A Coruña	Braga	Bragança	Chaves	Ferrol	Gaia	Guimarães	Lugo	Monforte	Ourense	Peso da Régua	Pontevedra	Porto	Santiago	Viana	Vigo	Vilagarcía	Vila Real
Qual o ano mais recente de aquisição dos ortofotomapas?	2006	2003	2004	2003		2000	2003				2004	2004	2000	2006	2006	2005	2006	2005
Qual a resolução espacial associada?	1:2000	1:10000	25cm/p	1:10000		1:5000	1:5000				1:2000	1:1000	1:2000	1:2000	1:10000	25cm/p	1:5000	1:1000
Qual é o regime de utilização dos ortofotomapas (Propriedade / Outro)?	P	P	P	O		O	-				O	-	P	-	O	-	-	O
Qual é o sistema de referência utilizado (DATUM 73, ED1950, UTM29N)?	E,U	D	D	D		D	D				D	E,U	D	E,U	D	E,U	E,U	D
Os ortofotomapas são fornecidos aos departamentos?	Sim	Sim	Sim	Sim		Sim	-				Sim	-	Sim	-	Sim	-	-	Sim
Este fornecimento é realizado através de aplicações?	D	A	D	D		D	-				D	-	A	-	A	-	-	D
Os ortofotomapas são fornecidos a empresas externas / instituições?	Sim	Sim	Sim	Não		Sim	-				Sim	-	Sim	-	Não	-	-	Não
Em que moldes (Protocolo/colaboração, venda, gratuito)?	G	G	G	-		P	-				G	-	P	-	-	-	-	-

**Figura 3:** Información sobre ortofotomapas dixitais.

Fonte: *Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)*

Ao nivel das bases de datos alfanuméricas, non ligadas a información cartográfica, pódese afirmar, con base no inquérito (ver Figura 4), que hai unha grande variabilidade na exploración de domínios de aplicación. Dunha forma xeral os que teñen tratamento prioritario son os censos de habitantes, a xestión tributaria e o patrimonio municipal. Non entanto, verificase que hai unha grande disparidade relativa ao dominio da xestión tributaria, pois os concellos da Galicia presentan base de datos para este dominio, mentras no Norte este dominio non é xerido por unha base de datos.

Tamén identificamos dous escenarios en relación às tecnoloxías de base de datos utilizadas polos concellos e cámaras (Figura 5). Cidades onde se adoptou unha única tecnoloxía (A Coruña, Bragança, Chaves, Ferrol, Gaia, Guimarães, Lugo, Monforte, Santiago, Vilagarcia); e outras que utilizan varias tecnoloxías (Braga, Ourense, Porto e Vigo). Dentre as adoptadas existe unha predominancia de tecnoloxías fechadas, propietarias, designadamente de Microsoft SQL Server e de Oracle Server.

Relativamente à existencia dun SIX Interdepartamental, verificase con base no inquérito (Figura 6), que a maior parte dos concellos non posúen esta clase de sistema. Pódese afirmar que a existencia dun SIX Interdepartamental non é dependente da dimensión do concello, unha vez que existen concellos de grande dimensión que afirman non necesitar desta clase de SIX.

Existen, sen embargo, varios concellos que afirman non ter un SIX Interdepartamental en virtude do custo elevado que acarreta a instalación e a manutención dun sistema desta clase (necesidades de software, de hardware e de técnicos cualificados); e mesmo non se identifica por parte destas cidades a súa necesidade, pois gran parte das organizacións que carecen deste servizo non identifican as súas vantaxes directas (Figura 6). Pese a todo, e dunha forma xeral considérase que a existencia dun SIX interdepartamental ten grandes vantaxes para a xestión do concello.

**Base de datos alfanuméricas**

	A Coruña	Braga	Bragança	Chaves	Ferrol	Gaia	Guimarães	Lugo	Monforte	Ourense	Peso da Régua	Pontevedra	Porto	Santiago	Viana	Vigo	Vilagarcía	Vila Real
Turismo													X					
Gestão Actividades Económicas	X			X	X	X		X		X	X	X	X					
Gestão documental	X	X		X		X		X	X	X	X	X	X					
Gestão do Cadastro municipal	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	
Cadastro patrimonial classificado																		
Gestão tributária	X							X		X		X		X		X	X	
Gestão de licenciamientos e/ou procesos de obra	X	X				X									X			
Gestão de Expediente	X									X				X		X	X	
Gestão do Cadastro Arbóreo	X		X															
Gestão de Publicidade	X	X																
Gestão abrangente de vários dominios							X		X									
Censos de habitantes	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X
Outras	X																	
Coimas																X		

**Figura 4:** Información sobre áreas temáticas soportadas en bases de datos alfanuméricas.

Fonte: *Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V).*

Tecnologías de persistência de información (de base de datos alfanuméricas)	A Coruña	Braga	Bragança	Chaves	Ferrol	Gaia	Guimarães	Lugo	Monforte	Ourense	Peso da Régua	Pontevedra	Porto	Santiago	Viana	Vigo	Vilagarcía	Vila Real
Informix		X											X			X		
Interbase																X		
Microsoft Access	X		X							X					X			
Microsoft Excel				X												X		
Microsoft SQL Server	X	X			X	X			X				X				X	
MySQL													X					
Oracle Server	X							X		X			X	X				
PostgresSQL																		
SAGA							X											

**Figura 5:** Información sobre as tecnoloxías de sistemas gestores de bases de datos utilizados en cada concello.

Fonte: Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)

GIS Interdepartamental (SIM)	A Coruña	Braga	Bragança	Chaves											Porto				Vila Real	
	Possui um GIS Interdepartamental?	Sim	Sim	Sim	Sim	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Sim
Ano de implementação?	2003	2007	2004	2005											2004					1998
Utiliza um codificação única para os objectos geográficos?	Sim	Sim	Sim	Não											Sim					Não


GIS Interdepartamental (NÃO)					Ferrol	Gaia	Guimarães	Lugo	Monforte	Ourense	Peso da Régua	Pontevedra			Santiago	Viana	Vigo	Vilagarcía		
	Possui um GIS Interdepartamental?					Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não	Não			Não	Não	Não	Não	
Conta con alguma intranet?					Sim	Sim	Sim	Sim	Sim	Sim	Sim	Sim			Sim	Sim	Sim	Sim		
Desconhecimento da existência de SIG-Inter?					Não	-	-	-	Não	Não	Não	Não			Não	-	Não	Não		
Custo elevado?					Não	-	Sim	Sim	Sim	Sim	Sim	Sim			Não	Sim	Sim	Sim		
Não trás vantagens a utilização de um GIS-Inter?					Não	Sim	-	-	Não	Não	Não	Não			Não	-	Não	Não		
Carencia de técnicos qualificados?					Sim	-	Sim	Sim	Sim	Sim	Sim	Sim			Sim	-	Sim	Não		

**Figura 6:** Información sobre a existencia de SIX interdepartamentais.

Fonte: *Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)*

## 2.- ACCESO A INFORMACIÓN QUE SE FORNECE A CIDADANÍA

Practicamente todos os concellos e cámaras ofrecen a cidadanía información xeográfica ou cartográfica. Tan só Ferrol e Pecho da Régua non teñen canles específicas para suministrar ó público esta información. Dos restantes dezaseis concellos só tres ofrecen información gratuitamente, mentres que dez a comercializan, e tres a cobran, ou non, dependendo de diferentes factores (por exemplo o uso que se vai facer da información). Doutra banda das dezaseis entidades locais que fornecen información tan só un a fornece exclusivamente en papel e tan só dous a ofrece exclusivamente en CD, o resto pode fornecela tanto en papel como en CD en variados formatos dixitais, ou mesmo enviala por mail



Fonte: Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V).

Ao respecto da publicación en internet deste tipo de información, doce concellos e cámaras teñen na súa web información xeográfica ou cartográfica mentres que tan só seis non teñen este tipo de información na súa web. Destas doce entidades, oito permiten a descarga de planos desde a súa web (normalmente en formato PDF), e nove ofrecen nesa web certa interactividade con ese tipo de información.

Non existe ningunha cidade que diga incumprir a lei en materia de protección de datos (resposta que non deixa de ser lóxica), mais tres non contestan a pregunta por considerala non aplicábel ao seu caso.

CONCELLO DE  
Monforte de Lemos

O CONCELLO  
DEPARTAMENTOS  
TURISMO

RUEIRO

**SAN VICENTE**

Prazo de Luis de Góngora y Argote

Campos da Virxe

Rúa Vella, Rúa Nova, Rúa Fogueira, Rúa Porta Nova, Rúa Burato, Rúa Juana de Castela, Rúa Pescadería, Rúa Damián, Rúa Casares, Rúa Cabalo, Rúa Avellino, Rúa J. Benavente, Rúa Cochabamba

12 Colexio Instituto Río Cab	25 Porta de A Alcazaba
14 Conxunto Monumental San Vicente e Parador Nacional de Turismo	26 Capela de San Lázaro
24 Porta Nova	27 Xudería
28 Instituto Daviña Rey	29 Asilo San José

www.atopadoiro.org

EUGOSUR

EIXO ATLÁNTICO

PLATAFORMA AUTOCARAVANAS


A información turística soe ter un papel relevante nos sitios de Internet dos concellos e cámaras do Eixo Atlántico. Rueiro de Monforte.

### 3.-TECNOLOXÍA E VALORACIÓN DA INFORMACIÓN XEOGRÁFICA/CARTOGRÁFICA

Das dezoito cidades, a inmensa maioría, dezaseis, usan algunha ferramenta de CAD, polo que tan só dúas non usan ningunha (Viana e Pecho da Régua). Das mesmas once usan diferentes versións de Autocad, que resulta ser con diferenza a ferramenta máis utilizada xa que unicamente catro concellos usan outras plataformas, nomeadamente Microstation. Hai ademais un concello que usa as dúas


ferramentas. O uso de outras ferramentas de CAD é marxinal e complementario ás anteriores. Este trátase dun dato importante en vista ó plantexamento dunha IDE común para o conxunto dos membros do Eixo, pois implica unha certa homoxenidade de coñecementos técnicos e da tipoloxía-estrutura da información.

Ao respecto de ferramentas de SIX, o seu uso é menor de xeito que tan só dez concellos teñen algunha, e os oito restantes non as usan. As ferramentas máis usadas corresponden á familia da casa ESRI, coas que traballan seis concellos-cámaras. A seguir atopamos as ferramentas de xeomedia usadas en catro organizacións. Doutra banda, TAO e ABSIS teñen comercializado algunha ferramenta, nun caso concreto cada un. Ademais tres concellos usan máis dunha ferramenta de SIX.



Fonte: Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)

Nesta información chama a atención que moi poucos concellos e cámaras teñan desenvolvido aplicacións internamente. Só tres desenvolveron algunha aplicación sobre ferramentas de CAD (de dezaseis que contan con elas), e cinco desenvolveron aplicacións de SIX de dez que contan con ferramentas de esta tecnoloxía. É dicir, que por parte das cidades do Eixo cóntase cunha baixa capacidade para o desenvolvemento de aplicacións específicas e personalizadas a cada unha delas, circunstancia que debe vencellarse coa carencia de técnicos cualificados, ou pola dificultade inherente á modificacións das inercias de traballo funcional preestrabecidas.



A interactividade entre usuario e fornecedores de información xeográfica adquire un valor crecente. Mapas interactivos da Cámara de Bragança

Ao respecto do uso da información xeográfica e cartográfica nos diferentes servizos dos entes locais, a seguinte táboa ilustra o número de concellos e cámaras que usan este tipo de información na prestación do servizo correspondente, xunto coa valoración promedio que se lle da por parte dos técnicos municipais enquisados ao uso da información en cada caso concreto.

Servicio	Nº	Nota media
Urbanismo	17	4,53
Obras	14	4,50
Finanzas	5	2,20
Redes Auga	11	4,27
Saneamento	12	4,25
Tráfico	12	3,50
Medio Ambiente	12	3,75
Cultura, e Servizos Sociais	5	2,80
Mobiliario Urbano	10	3,40
Xestión Urbanística	15	4,53
Estatística/demografía	9	3,67
Outros servizos	6	3,33

**Figura 7:** Valoración do uso da cartografía á hora de planificar e prestar os diferentes servizos municipais

Fonte: Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)

De novo neste caso se volve a identificar como unha serie de servicios municipais básicos (urbanismo, obras, xestión de saneamento e depuración,...) otorgan unha máxima prioridade ó uso da cartografía, circunstancia lóxica se temos en conta que estes desenvolven a súa actividade cotiá cunha perspectiva fortemente espacial. Pola contra outros teñen unha menor valoración no seu conxunto, si ben todos eles (coa excepción de finanzas ou cultura), se topan preto da máxima valoración de cinco.

Por tal motivo é de supoñer que a boa valoración que se ten en cada un dos servicios sobre o uso de tecnoloxía que permite xestionar a información xeográfica e cartográfica, levará a que o seu uso se siga a estender no futuro. Neste senso identifícase xa un grande interés por parte dos técnicos municipais en dotarse de ferramentas e plataformas tecnolóxicas que, sobre a base cartográfica, favoreza a organización e prestación dos servicios públicos e de atención á cidadanía.

#### 4.- RELACIÓNS E XESTIÓN INTERGUBERNAMENTAL NA IMPLEMENTACIÓN DE SIX

Partindo da estrutura administrativa existente tanto en Galicia como no Norte, débese ter en conta que a produción de cartografía de base, así como de gran parte da información xeográfica, non é unha competencia ou responsabilidade directa das cidades. Ou pólo menos, non o é en exclusiva, pois sobre o mesmo territorio (sexo este urbano ou rural) coinciden diferentes e niveis administrativos que, en moitas ocasións, non actúan coa total coordinación precisa.

Neste senso as cidades do Eixo teñen entablado relacións institucionais con outros organismos e institucións públicas con responsabilidades na edición cartográfica, ou no fornecemento de información xeográfica. Polo momento estas (Figura 8) son aínda débiles e non están xeralizadas, o cal supón, en moitas ocasións, un sobreesforzo de consumo de recursos á hora de dotarse de información xeográfica-cartográfica de base. As diferentes institucións especializadas na súa produción tenden a desenvolver as súas tarefas, tamén, dende unha lóxica interna e sen ter en conta as necesidades das organizacións locais, pólo que esta escasa coordinación non debe ser achacable en excusibla as cidades.

Comezando coas Cámaras portuguesas compre dicir que das nove Cámaras do Norte dispoñemos de datos sobre todas as preguntas do apartado catro (Convenios con organismos de información xeográfica, cos Concellos do Eixo Atlántico e con outras institucións públicas neste ámbito), a excepción da de Guimarães. Con relación aos Concellos galegos neste apartado é salientable a ausencia de información de Ourense e Pontevedra, e a falta de actividade no apar-

tado de relacións intergubernamentais en materia de información xeográfica do Concello de Monforte de Lemos.

Tras identificar esta situación, faise moi necesario impulsar unha cultura de maior cooperación-coordinación no ámbito da información xeográfica-cartográfica, e por en marcha proxectos comúns nas cidades do Eixo (que deben servir como referentes do conxunto do territorio da Eurorexión) que permitan visualizar como a planificación conxunta deriva nunha xestión máis eficiente e eficaz dos recursos públicos e, por conseguinte, nunha millor prestación dos diferentes servizos á cidadanía.

Institucións protocoladas	A Coruña	Braga	Bragança	Chaves	Gaia	Ferrol	Guimarães	Lugo	Monforte	Ourense	Peso da Régua	Pontevedra	Porto	Santiago	Viana	Vigo	Vila Real	Vilagarcía
INE	X	X			X		X						X	X			X	
D.G.Catastro	X					X		X						X				X
CCDRN			X	X													X	
Xunta de Galicia	X																	
asociacións de municipios				X						X						X		
outros membros do Eixo																		
empresas		X	X				X						X					
IGP				X	X													
IGEO			X		X						X							
SITGA							X											
Ministério da Agricultura														X				
Goberno Civil (Portugal)													X					
CGCCT															X			

**Figura 8:** Relacións institucionais entre as cidades e os organismos fornecedores de información xeográfica-cartográfica.

Fonte: Elaboración propia seguindo a análise do cuestionario (ANEXO V)

#### **4.1. Visión de conxunto sobre as relacións institucionais en materia de SIX.**

O primeiro elemento salientable que resulta da enquisa, que se pode xeralizar a todos aos dezaioto membros do Eixo, é o feito de que entre eles non existe contacto algún en materia de intercambio de información xeográfica ou de calquer outro tipo, que posibilite por en marcha mecanismos comparativos de análise, e de intercambio estandarizado de información. A non existéncia dun Modelo de Datos común, e as diferencias na optención da cartografía (en formatos e estándares), dificulta a creación dunha IDE para o conxunto do Eixo Atlántico.

Esta falta de colaboración, ou cooperación horizontal local, é xeralizada non só nos respectivos territorios subestatais (Comunidade Autónoma de Galicia e Região Norte de Portugal), senón entre os propios entes locais transfronteirizos. Non se conta con protocolos, convenios ou meros intercambios de información de base local. A falta dunha visión transversal local, de natureza supralocal, en materia de planeamento e información xeográfica é así clara, destacando só a experiencia de Vila-Real cun intercambio de información coa Asociación de Municipios do Vale do Douro Norte.

No mesmo senso, en materia de contactos con outro tipo de institucións ou organismos públicos en relación coa información xeográfica, según os datos da enquisa, son os da Coruña e Braga. O resto de concellos e cámaras apenas amosan interaccións con outros departamentos municipais ou camararios. A falta de intercambio de información vertical ou horizontal nas organizacións locais, froito da departamentalización (unha das máximas das organizacións burocráticas), neste caso cúmprese dun xeito xeral.

##### **4.1.1. Municipios Portugueses do Eixo**

No que se refire á cooperación con organismos de información xeográfica estatais de diversa índole (civil, militar, de carácter poboacional, de planeamento...), compre dicir que as cámaras portuguesas teñen ao Instituto Nacional de Estatística (en adiante INE) como principal provedor en materia de contidos estatísticos (Braga, Porto, Vilanova de Gaia e Vila-Real). No eido poboacional contan con protocolos abertos no tempo, sen caducidade, que esixe das cámaras reciprocidade na xestión da información coa institución estatal, ademais de seguemento da poboación do Municipio.

Ademais do INE, existen outras institucións destacadas no intercambio de información xeográfica, como poden ser a CCDDR-N (Chaves, Vilanova de Gaia e Vila-Real), en materia de planos de ordenamento e datos xeográficos; o IGP (Chaves

e Vila Nova de Gaia) en materia de cartografía caracterizada por ter un ámbito aberto (sen data de finalización), cedendo o instituto os dereitos de cartografía; o IGOE (Bragança e Vilanova de Gaia) abrangendo aspectos de cartografía militar, datos que son comprados polas cámaras.

Finalmente, existen contactos cun heteroxéneo número de institucións públicas e privadas cos que as cámaras conseguen ou coxestionan os datos necesarios para o fornecemento da información xeoespacial. Así a mencionada de Vila-Real coa Asociación de Municipios do Vale do Douro Norte en adiante (AMVDN) (a Cámara aporta mapas temáticos, e a AMVDN información cartográfica e ortofotomapas). A Cámara de Braga é a única que mantén relacións coa Empresa Municipal de Aguas e Saneamento mediante un protocolo de actuación. O Ministerio da Agricultura e Viana do Castelo teñen tamén relacións, de xeito que oo primero facilita planos de uso do solo e a Cámara lle devolve a planta da RAN. A relación entre a Cámara de Peso da Regua e a AMVDN, non se ten materializado polo momento. A Cámara de Bragança ten, xunto coa de Porto, unha ampla variedade de contactos con institucións en materia de información xeográfica, nomeadamente protocolos co PT, EDP e DurienseGás, con datos espaciais específicos e actualizados, e co IPB a través dun convenio. Finalmente, a Cámara de Porto destaca pola sinatura de tres protocolos de colaboración intergubernamental co INE (xestión do censo e do planeamento urbanístico), co Governo Civil de Porto (este aporta información xeográfica existente no SIGEP, e a cambio Cámara facilita información da BDGC), cos xestores de infraestruturas básicas (localización e caracterización das infraestruturas, mentres a Cámara lles facilita a cartografía base), e coas empresas produtoras de información xeolóxica (ás que as Cámaras lle entregan a Carta Xeotécnica da Cidade).

Tralo visto a rede de produción-provisión dos servizos de información xeográfica nas Cámaras norteportuguesas é rica, variada, plural e transparente. Cóntase indistintamente con convenios, protocolos, compra de datos; con relacións formalizadas con outras organizacións públicas, sexan locais ou estatais, ou con con empresas privadas de diferentes sectores de actividade.

#### 4.1.2. Concellos Galegos do Eixo

Contemplando a falta de información de dous concellos relevantes no entramado urbano galego (Ourense e Pontevedra), e a falta de recursos organizativos do de Monforte de Lemos, en Galicia existen seis concellos que en materia de xestión da información xeográfica e cartográfica oscilan dende a complexidade intergubernamental en materia de intercambio de información (en virtude da aplicación das correspondentes leis estatutais) do Concello da Coruña (con relacións con

organismos como Catastro, INE ou a Xunta de Galicia); ata a simplicidade de Vigo con só un acordo cun organismo estatal (Ministerio de Facenda a través da súa Dirección Xeral de Catastro). Neste punto compre dicir que a dinamicidade da Coruña engloba contactos con institucións públicas de diverso tipo como o sector educativo (Universidade), o ámbito portuario (Autoridade Portuaria) e diferentes administracións de rango local (Deputación), autonómico (Xunta de Galicia) e estatal (Ministerios e órganos dependentes como o Instituto Xeográfico Nacional).

